



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Rumb** **EBC**

OFICINA DE TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

**PROGRAMA DE CREACIÓN DE  
EMPRESAS BASEADAS  
EN COÑECEMENTO**

## QUE É RUMBO EBC

O programa Rumbo EBC, impulsado pola Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) e dirixido ao persoal investigador da UDC, configúrase como un instrumento de apoio á activación, acompañamento e transformación de resultados de investigación en iniciativas empresariais baseadas no coñecemento.

Concíbese como un itinerario integral de maduración de proxectos, cun apoio personalizado e progresivo que integra mentoría e asesoramento técnico-legal.

O programa contará con dúas convocatorias anuais, co obxectivo de facilitar unha incorporación continua de proxectos e dar resposta ás diferentes fases de maduración das iniciativas. De maneira excepcional, no seu primeiro ano de implementación, o presente 2026, realizarase unha única convocatoria.

## ESTRUTURA DO PROGRAMA

O programa estrutúrase en cinco fases progresivas e unha fase de obradoiros formativos transversal a todo o programa:



Empresa Baseada no Coñecemento (EBC/spin-off). Definición:

De acordo co Regulamento 01/2025, as EBC son entidades cuxo obxecto social consiste na realización dalgunha das seguintes actividades: a investigación, o desenvolvemento ou a innovación; a realización de probas de concepto; a explotación de patentes de invención e, en xeral, a cesión e explotación de dereitos da propiedade industrial e intelectual, así como segredos empresariais; o uso e o aproveitamento das innovacións, dos coñecementos científicos e dos resultados de investigación xerados na UDC; a prestación de servizos técnicos relacionados cos fins propios da UDC.

# FASES DO PROGRAMA

## Fase 1

### Presentación do programa Rumbo EBC

29 de maio

#### Obxectivo

Presentación do programa e sesión-coloquio

#### Accións

- Acto de presentación. OTC-Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
- Intervención do profesor Juan Romero, promotor de Artificial Intelligence Indestia, unha EBC da UDC:
  - Podo emprender sen renunciar á carreira académica?
  - Da investigación ao mercado: activa o potencial dos teus resultados

## Fase 2

### Detección de proxectos emprendedores

29 maio - 30 xuño

#### Obxectivo

Identificar proxectos con potencial de transferencia mediante a creación dunha EBC

#### Accións

- Lanzamento da convocatoria interna (en 2026 unha convocatoria, posteriormente 2 veces/ano)
- Recepción de propostas (formulario de solicitude)

## Fase 3

### Análise interna

30 xuño - 10 xullo

#### Obxectivo

Estudo dos proxectos e recomendacións estratéxicas. Acompañamento intensivo

#### Accións

- Avaliación técnica
- Reunións co persoal promotor da iniciativa

# FASES DO PROGRAMA

## Fase 4

### Mentoría integral

xullo - novembro

### Obxectivo

Madurar proxectos ata a creación dunha EBC. Proposta de valor definida, mercado identificado, estrutura societaria preliminar

### Accións

Mentoría individual que abrangue:

- Protección e transferencia
- Folla de ruta cara ao mercado
- Estado da proposta fronte ao investimento
- Modelo de negocio
- Validación de mercado
- Equipo fundador e pacto de socios
- Xestión financeira da EBC
- Comunicación e proposta de valor

## Fase 5

### Acompañamento e formalización

novembro - decembro

### Obxectivo

Constitución efectiva da EBC

### Accións

- Definición do equipo promotor: pacto de socios
- Modelo de participación da UDC: contrato de transferencia
- Acompañamento na tramitación



## Fase Transversal

### Obradoiros ao longo de todo o programa

### Accións

- Obradoiros transversais abertos:
  - Como crear unha EBC na UDC: marco xeral
  - Protección e transferencia
  - Emprendemento feminino
  - Emprendemento en ciencias sociais e humanidades
  - Comunicación e proposta de valor

# CRONOGRAMA DAS FASES DO ANO 2026




OFICINA DE  
**TRANSFERENCIA**  
DE COÑECEMENTO

Edificio de Servizos Centrais de Investigación  
(ESCI), Campus de Elviña

Apoio á creación de Empresas Baseadas  
en Coñecemento

+34 881 01 2629  
ebc.otc@udc.gal

[www.udc.gal/otc](http://www.udc.gal/otc)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**RumboEBC**  
OFICINA DE **TRANSFERENCIA** DE COÑECEMENTO